

[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**, o día **9 de maio de 2025**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
María Deza Martínez
(Vicepresidenta)
Ramón Tomás Fernández Alfonso
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Vereza Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Iria Carreira Pazos
(en substitución de José Daniel Pérez López)
Secundino Fernández Fernández
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:

Director xeral de Planificación Enerxética e Minas
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Letrada:

María Vicenta Aneiros González

Asinado o día 11/06/2025 ás
11:15
Por Cristina Sanz Arias

Asinado o día 11/06/2025 ás
10:19
Por Ramón Fernández Alfonso

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previa comunicación aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde do día, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 22780 (2.2), para a continuación retomar a orde do día coa tramitación do punto primeiro da mesma.

Xa que logo, en primeiro lugar procédese ao trámite da pregunta 2.2:

Punto 2. Preguntas

2.2 22780 (12/POC-003753)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre o proxecto de construción da central hidroeléctrica reversible
Conso II, en Vilariño de Conso, e da subestación asociada en Viana do
Bolo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 185f3, do 09.04.2025

O señor **Fernández Fernández, Secundino (BNG)**, expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), María José Echevarría Moreno**, logo de manifestar que as preguntas que se formulan na iniciativa deberían ir dirixidas ao Goberno central, xa que o que solicitan é competencia do Estado.

En rolda de réplica o señor **Fernández Fernández, Secundino (BNG)**, amosa diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría Moreno**, pecha o debate desta iniciativa incidindo en que as respostas a esta iniciativa deberían vir do Goberno central.

A Presidencia agradece a presenza da señora Echevarría Moreno nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.



A Presidencia retoma a orde do día, procedéndose ao trámite do punto primeiro.

Punto 1. Comparecencia

1.1 20723 (12/CPC-000051) Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias Do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, por petición propia, para dar conta das axudas á mobilidade eficiente Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f2, do 05.03.2025

A Presidencia, logo de darlle a benvida ao director xeral de Planificación Enerxética e Minas, explica o desenvolvemento da comparecencia, que constará dunha primeira intervención do comparecente por un tempo de 20-30 minutos, seguida dunha rolda dos representantes dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos cada un, e o comparecente terá unha segunda quenda de 10 minutos para contestarlles. A continuación, os grupos parlamentarios disporán de 5 minutos cada un, e pechará a comparecencia o director xeral.

Xa que logo, concédelle ao palabra ao **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila**, que pasa a dar conta dos contidos do Plan de dinamización da lectura de Galicia.

Na rolda de grupos parlamentarios fan uso da palabra o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)**, a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, e os **señores Golpe Acuña, José Manuel (BNG)** e **Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, que formulan diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

O **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila**, intervén de novo para contestar ás cuestións formuladas.

Na segunda rolda de grupos parlamentarios interveñen novamente o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)**, a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, e os **señores Golpe Acuña, José Manuel (BNG)** e **Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**.

Finalmente o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila** pecha a comparecencia respondendo ás diferentes consideracións e agradecendo as achegas dos grupos parlamentarios.

Punto 2. Preguntas

2.1 18863 (12/POC-003156) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Iglesias Rey, Patricia e 2 máis Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da elaboración

do novo Plan sectorial eólico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f3, do 06.02.2025

A **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila**.

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, amosa diversas consideracións discrepantes coa resposta recibida e reitérase nas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión e a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcripción literal do punto primeiro da orde do día.)

Ramón Tomás Fernández Alfonso
Secretario da Comisión

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión